

Follas do Cineclub | 17/10/2018***Eles non usan smoking***

(Eles Não Usam Black-tie, Leon Hirszman, Brasil, 1981, 120', VOSG)

03

Tirado de Reinaldo Cardenuto: O cinema político de Leon Hirszman (1976-1981): engajamento e resistència durante o regime militar brasileiro. Universidade de São Paulo, São Paulo 2014, pp. 327-332.

É domingo no filme *Eles Não Usam Black-Tie*, véspera da paralización que vai interromper a produción na fábrica Santa Marta, localizada no barrio de Brasilândia, na periferia da cidade de São Paulo. Fronte a un campo de fútbol comunitario, onde algúns homes se divirten xogando á petanca, Otávio e Bráulio, simpatizantes dunha tradición que podemos identificar como comunistas, resolven en confrontar ao personaxe de Sartini, militante que defende a folga inmediata como recurso necesario para o enfrontamento coa patronal. Na noite anterior, durante unha asemblea no sindicato, o grupo máis radical do movemento metalúrxico conseguira convencer aos traballadores a paralizaren a fábrica contra a opinión do bloque máis moderado, para o cal os obreiros aínda non se atopaban politicamente preparados para a organización dunha folga.

Integrante dese segundo grupo, inqueda diante do que considera unha política sindical extremista, Otávio decide encararse a Sartini para alertalo dos perigos dunha acción apresurada. Na súa concepción, debido a un baixo nivel de consciencia ideolóxica e a falta de maior organización das masas, é case certo que a paralización da Santa Marta será derrotada e violentamente reprimida polas forzas policiais. Sartini, no entanto, ignora os avisos e recusa os consellos. Para el, non hai máis sentido histórico no programa político que prevé, a partir dunha vangarda esclarecida, a longa preparación dos obreiros para a loita. Acusando esa postura de "eivada", o personaxe asúmese como radical e aposta pola acción espontánea dos traballadores como efectivo instrumento de confrontación. A esa altura de *Eles Não Usam Black-Tie*, o que se viña anunciando desde o inicio da narrativa, unha fisura no movemento obreiro, vólvese finalmente irreversible. Ao contrario da peza escrita por Guarnerini, na cal a clase popular atopábase politicamente unificada en torno dun programa comunista (eco do proxecto pecebista da década de 1950), o filme de Hirszman, realizado entre os anos 1980 e 1981, salienta os divisionismos e rupturas no interior da estrutura sindical (...)

O sindicalismo brasileiro, no paso da década de 1970 á de 1980, configurouse como un dos principais espazos de disputa entre concepcións distintas de militancia. En contra do proxecto dun frontismo democrático, da proposta do eixo PCB/MDB (Partido Comunista Brasileiro / Movimento Democrático Brasileiro) para a consolidación dunha ampla "acumulación de forzas" entre os axentes históricos en oposición ao réxime militar, o movemento obreiro foi un campo político no cal varias agrupacións de esquerda, algunhas identificadas co comunismo tradicional e outras coa perspectiva dunha resistencia máis autónoma das bases, enfrontáranse en torno de praxes ideolóxicas diverxentes das clases populares. *Grosso modo* (...) relembro que o sindicalismo do período viuse escindido en polo menos tres tipos de compromiso. Por un lado, formando o que o sociólogo Marco Aurélio Santana denomina como "Unidade Sindical", atopábanse principalmente os pecebistas e os emedebistas, para os cales a clase obreira debería someter as súas prácticas de militancia ao proxecto máis urxente da re-democratización do país Concentrándose nunha estratexia cautelosa de opo-

sición e aberta ás negociacións ionstitucionais co goberno ditatorial, ese bloque apostaría pola construción dunha fronte anti-autoritaria, cun verniz de resistencia que non priorizaría as reivindicacións particulares dos traballadores, preferindo a mantenta dunha política considerada de maior amplitude.

Por outro lado, indo por un camiño diferente, habería o sindicalismo "auténtico" ou "combativo", impulsado polos dirixentes metalúrxicos de São Bernardo e polo liderado de Lula da Silva, virado cara as contestacións específicas da clase obreira e cara a transformación do modelo sindical da ditadura en instrumento de loita contra o medio empresarial. Sen ver no PCB un partido que os representase politicamente, tratábase dun bloque en ascensión nos anos 70, cuxa disposición non sería o "compás de espera" ou a "acumulación de forzas" comunista, mais o fortalecemento das bases como forza social que podería, naquel contexto histórico e a través do campo sindical, actuar a favor de conquistas para os traballadores que hai anos viñan sendo oprimidos polos militares no poder e polo empresariado industrial. Principais articuladores dunha oposición á "milagre económica" e á modernización conservadora da ditadura, os "auténticos" estarían á fronte das grandes folgas metalúrxicas que ocorreran na rexión do ABC Paulista (rexión industrial formada por sete municipios da Área Metropolitana de São Paulo), sobre todo en São Bernardo, entre 1979 e 1980.

En medio das discordancias existentes no movemento obreiro do período, aínda atoparíamos un terceiro grupo que concentrou a súa actuación na cidade de São Paulo, a chamado Oposición Sindical, para o cal o sindicalismo brasileiro atopábase corrompido, volvéndose impracticábel a súa reformulación como entidade de clase a prol da resistencia popular. Desde o seu punto de vista, a acción dos obreiros non precisaba necesariamente estar vinculada aos sindicatos, como pensaban os "auténticos", senón que podería ocorrer a partir dunha autonomía maior das bases metalúrxicas, por medio da formación de comisións no interior das fábricas e que loitasen directamente contra os patróns a prol de aumentos de salario ou de melloras das condicións de traballo. A pesar desas diverxencias oriúndas especialmente das distintas concepcións de praxe política, os tres bloques acabarían por aproximarse nalgúns momentos da segunda metade da década de 1970, cando foi necesaria unha actuación conxunta para o fortalecemento da resistencia ao goberno autoritario. No entanto (...) coa fundación a partir de febreiro de 1980 do Partido dos Trabalhadores (PT) e a ampliación da crise orgánica á que se enfrontaba o PCB, as disonancias no campo sindical aumentarían ata o punto de volverse irreversíbeis, demarcando escisións inconciliábeis entre aquilo que a historiografía especializada deu en chamar de "vella" e "nova" esquerda.

Se evoco ese asunto, é xustamente coa intención de rememorar os aspectos xerais do contexto no cal o filme *Eles Não Usam Black-Tie* foi concibido (nos meses finais de 1979) e filmado (entre marzo e xullo de 1980). No tocante á peza orixinal, escrita no ano 1956, contiña unha tendencia a tratar a cuestión obreira como unidade homoxénea, deixando de lado as diverxencias existentes no campo sindical da época en nome dunha representación frontista e revolucionaria da clase popular; no esforzo de actualizar o texto teatral para un novo período histórico e revisar a compoñente teleolóxica anterior, Hirszman e Guarneri rematarían engadindo á versión cinematográfica de *Eles Não Usam Black-Tie* unha lectura en torno ás fisuras que atravesaban á esquerda durante o proceso de re-democratización do Brasil. Se na peza había unha uniformidade política entre os traballadores industriais, ata o punto de que o grande antagonista Otávio non era alguén directamente ligado ao campo sindical, senón que o seu fillo crebafolgas estaba disposto a sumir un proxecto individualista de ascensión social. Na longametraxe os artistas terían que

AS FISURAS DA ESQUERDA

REINALDO CARDENUTO

axustar contas coa idealización do pasado, levando acabo a nova obra cunha abordaxe que tamén incluíse as disonancias atopadas na súa propia contemporaneidade.

Co movemento obreiro escindido, non sendo consensual a perspectiva dun frontismo de actuación, a narrativa do filme *Eles Não Usam Black-Tie* atópase, do inicio á fin, atravesada por unha división política que repercute na relación dramática entre as personaxes da trama. O grupo de Otávio e Bráulio (se ben iso non será abertamente mencionado pola longametraxe) está composto por unha perspectiva de sindicalismo en sintonía co ideario de orixe comunista. Militantes que se enfrontaran aos peores anos da represión ditatorial e viviran de fronte a creba do antigo proxecto revolucionario da esquerda, os dous posúen unha disposición próxima a aquela adoptada polo PCB cando este estaba na clandestinidade, durante o período do réxime autoritario. Ao contrario da confrontación directa (ou da loita armada) contra os militares, postura tida en conta como trabucada por fortalecer os instrumentos de coerción do propio goberno, a suxestión era a de actuar nos subterráneos institucionais da política brasileira, preparando "pacíficamente" o terreo para un futuro proceso de re-democratización. Tratábase de asumir un "paso atrás estratéxico," de manter o compromiso vivo, mais "en suspenso", agardando un contexto histórico máis favorábel para o retorno da esquerda e, talvez, para un levantamento das clases populares en oposición á ditadura.

Como o PCB, Otávio e Bráulio atópanse nun "compás de espera". A experiencia acumulada polos seus anos de compromiso (experiencia de dor, persecución e derrota) levounos a asumir unha postura reticente e excesivamente calculada diante das mobilizacións provintes do campo sindical. Son personaxes que desexan actuar, que non abandonaran a militancia, pero que se atopan nun *impasse* que pode volverse círculo vicioso. Otávio e Bráulio aínda son mobilizados polas fendas dun sentimento "etapista": antes de enfrontarse *de facto* ao réxime autoritario, de manifestarse nas rúas, é preciso un extenso traballo de concienciación política das clases populares. Desde o seu punto de vista, só unha exhaustiva e paciente preparación das masas, unha mobilización moi ben calculada mediada polo sindicalismo, podería garantir o éxito do movemento obreiro e a vitoria contra os mecanismos de opresión do goberno e do medio empresarial. Para facer a folga sería necesario, polo tanto, alcanzar certo nivel (mais cal?) de organización colectiva.

En *Eles Não Usam Black-Tie*, é xustamente de aí que nace un dos *impasses* principais de Otávio en relación ao movemento obreiro. Se ben o personaxe considera a folga un instrumento lexítimo de actuación, el cre que a clase traballadora de São Paulo, menos mobilizada que na cidade de São Bernardino, aínda non atopou a madurez e a preparación para enfrontarse á patronal. Na súa avaliación, balance feito a partir de premisas caras ao comunismo brasileiro, promover a aquela altura unha paralización sería un acto apresurado, irresponsábel, e que podería traer graves consecuencias para o futuro político dos obreiros. Evocando a súa experiencia como militante durante a ditadura, Otávio pasa boa parte do nó do filme preocupado

por evitar o que considera un grande equívoco. Para el, mesmo que a fábrica santa Marta estea despedindo inxustamente aos seus funcionarios, tentando librarse daqueles con maior consciencia e liderado político, o correcto se ría "arrefriar a cabeza" e retomar os traballos de base coa finalidade de organizar mellor aos traballadores para unha futura (e definitiva) folga. Esa (in)disposición, alén de referencia ao compromiso pecebista en tempos ditatoriais, é o que se pode localizar nas falas de Otávio, cando o personaxe enfrontase a Sartini na véspera de eclosión da folga (...)

Antagónico á axenda dos comunistas, Sartini representa no filme un grupo que descré do sindicalismo oficial como solución para a clase obreira e que se opón á postura de Otávio acusándoa de impedir avances na loita popular. Impetuoso, o personaxe está convencido de que só unha confrontación violenta contra o medio patronal poderá minar a opresión da fábrica sobre os traballadores e promover un proceso efectivo de transformación da sociedade. Máis novo que Otávio, por non compartir cos comunistas a angustia do fracaso histórico, el considera o "paso atrás estratéxico" un acto de covardía e que estimula un comportamento pasivo diante do capital industrial. Na concepción do seu grupo, presentado no filme como minoritario entre os obreiros, o sindicato non consegue ultrapasar a súa condición "fea", o que xera a necesidade dunha acción inmediata. Arriscando unha actitude radical, Sartini cre na folga e na forza, aposta que a paralización da fábrica, conducida por poucos, será suficiente para iniciar un movemento irreversible de presión e de conquista política. A súa á xoga a favor da rebeldía, da espontaneidade nacida do amoreamento da opresión vivida polas clases populares. Procurando romper coas negociacións do consenso, o personaxe decreta a acción a calquera custo. En resposta á moderación de Otávio, el ignora os consellos de que a folga na Santa Marta sexa unha decisión precipitada e levará a unha derrota inevitábel (...)

En *Eles Não Usam Black-Tie*, a síntese histórica que Hirszman propón é a das diverxencias ideolóxicas no interior do campo sindical. Por se tratar dun filme en que os esforzos se concentran máis no desenvolvemento psicolóxico dos personaxes, no cal se cumpre a función do drama de simplificar a dimensión política, non foi intención da súa longametraxe construír un debate máis amplo ou detallado sobre os rumbos do movemento obreiro brasileiro. Mantendo a fisura da esquerda apenas como fondo histórico do filme, un compoñente que actúa sobre a personalidade e a vida particular dos personaxes, o cineasta preferiu concentrar nun conflito que podería, no decorrer da narrativa, adquirir unha nítida función dramática. Entre o Otávio en sintonía co pensamento pecebista e o Sartini categoricamente contrario ao comunismo, o primeiro en defensa da organización colectiva e o segundo apostando pola radicalización, se desenvolve unha disputa ideolóxico-dramática que percorre todo o filme e non atopa lugar para posíbeis negociacións ou medios termos.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

OUT
2018

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.wordpress.com [facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela) @cineclubedecompostela@gmail.com

PROYECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

3 DE OUTUBRO

No Museo das Peregrinacións:
Sesión especial: Carta blanca a Ezequiel Méndez

Coñeza vostede España: Compostela
(Conozca usted España: Compostela, Claudio Guerin Hill, Estado Español, 1967, 30', VO)
Camino de Santiago
(Camino de Santiago, José Luis Font, Estado Español, 1970, 32', VO)
En colaboración con Curtocircuito - Presentada por Ezequiel Méndez

10 DE OUTUBRO

Mutantes
(Álvaro Larriba, Galiza, 2017, 107', VO)
Coa presenza do director

17 DE OUTUBRO

Eles non usan smoking
(Eles Não Usam Black-tie, Leon Hirszman, Brasil, 1981, 120', VOSG)

24 DE OUTUBRO

O Son ao Redor
(O Som ao Redor, Kleber Mendonça Filho, Brasil, 2012, 131', VOSG)

31 DE OUTUBRO

The Only Living Boy in New York
(The Only Living Boy in New York, Hal Hartley / Everything but the Girl, EUA, 1991, 4', VO)
From a Motel 6
(From a Motel 6, Hal Hartley / Yo La Tengo, EUA, 1994, 4', VO)
Sobrevivir ao desexo
(Surviving Desire, Hal Hartley, EUA, 1991, 53', VOSG)